

Primaria

Lingua 5

Programación

Unidade 6

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Título

A miña vila

Descrición da unidade

Ábrese o novo trimestre cun poema de Fran Alonso que adianta xa algúns dos contidos que se verán a continuación: léxico relacionado coa vila, a descrición de obxectos e lugares, a valoración do contorno... Ademais, ofrece exemplos para traballar outros contidos, como os artigos e as súas contraccións ou o uso do punto. Como é habitual, nesta unidade tamén se achegan diferentes modalidades textuais, e a linguaxe poética convive coa prosa; trátase, en definitiva, de reforzar a expresión oral e escrita. Para pechar o tema, conmemórase o Día da Paz, que coincide nestas datas. Pode aproveitarse esta celebración para fomentar valores como a solidariedade, a xenerosidade, a empatía..., así como para traballar competencias cívicas e de emprendemento.

Un dos principais obxectivos é que os alumnos vexan as súas novas aprendizaxes de maneira atractiva e motivadora, que gocen aprendendo.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiren e reforcen os coñecementos seguintes:

- Comprensión do sentido xeral dun texto, oral ou escrito.
- Léxico referido á vila.
- Palabras compostas.
- Identificación e correcto uso dos artigos e das súas contraccións.
- Uso do punto e dos signos de interrogación e admiración.
- A variedade lingüística.
- Descrición de lugares e obxectos.
- Aspectos culturais de alcance universal.

Temporalización:

Xaneiro

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Utilizar correctamente o léxico referido á vila.
2. Formar palabras compostas.
3. Coñecer as formas dos artigos e utilízalas correctamente.
4. Usar correctamente o punto e os signos de interrogación e admiración.
5. Recoñecer e valorar a variedade da lingua na fala.
6. Coñecer e aplicar as características propias dun texto descritivo.

3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
<ul style="list-style-type: none"> • Audición do poema inicial e do texto do apartado «Escoito e falo» cunha actitude favorable. • Lectura e comprensión dun texto poético. • Adquisición de novo vocabulario referido á vila e formación de palabras compostas. • Identificación e uso dos artigos e das súas contraccións. • Uso do punto e dos signos de interrogación e admiración. • A lingua e as súas variedades. • A descrición. • Coñecemento dalgúns aspectos culturais de alcance universal: o Día da Paz. 	1. escoitar textos orais en silencio, mostrando interese e respecto.	1.1. escoita textos orais atentamente.
	2. Ler textos poéticos con fluidez e comprensión.	2.1. Le poemas con fluidez e corrección. 2.2. Comprende o sentido global de textos poéticos e responde cuestións de comprensión.
	3. Aumentar o vocabulario referido á vila e formar palabras compostas.	3.1. Asimila e aplica o vocabulario aprendido: léxico referido á vila e palabras novas. 3.2. Comprende a estrutura das palabras compostas.
	4. Recoñecer as formas dos artigos e usalas correctamente.	4.1. Identifica e emprega os artigos e as súas contraccións.
	5. Coñecer e utilizar con corrección as normas de uso do punto e dos signos de interrogación e admiración.	5.1. Usa correctamente o punto, así como os signos de interrogación e de admiración.
	6. Recoñecer e respectar a variedade lingüística.	6.1. Analiza textos sinxelos escritos en diferentes variedades da lingua.
	7. Observar, describir e interpretar lugares ou obxectos.	7.1. Coñece as características propias dun texto descritivo. 7.2. Identifica nun texto os trazos característicos da descrición e aplícaos en creacións propias.
	8. Aprender algúns aspectos culturais de alcance universal.	8.1. Mostra interese por coñecer algúns aspectos da cultura global.

4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF)

Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. escoita textos orais atentamente.	<ul style="list-style-type: none"> • CD-Audio do LA.
2.1. Le poemas con fluidez e corrección.	<ul style="list-style-type: none"> • Suxestións metodolóxicas da PD.
2.2. Comprende o sentido global de textos poéticos e responde cuestións de comprensión.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Ficha de comprensión lectora dos RF. • Proposta de aprendizaxe cooperativa na PD.
3.1. Asimila e aplica o vocabulario aprendido: léxico referido á vila e palabras novas.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA.
3.2. Comprende a estrutura das palabras compostas.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividade 1 de reforzo e actividade 1 de ampliación dos RF. • Actividades propostas na PD.
4.1. Identifica e emprega os artigos e as súas contraccións.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividade 2 de reforzo e actividade 2 de ampliación dos RF. • Actividades propostas na PD.
5.1. Usa correctamente o punto, así como os signos de interrogación e de admiración.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividade 3 e 4 de reforzo dos RF. • Actividades propostas na PD. • CD-Audio do LA (ditado).
6.1. Analiza textos sinxelos escritos en diferentes variedades da lingua.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Proposta de aprendizaxe cooperativa na PD.
7.1. Coñece as características propias dun texto descritivo.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividades propostas na PD.
7.2. Identifica nun texto os trazos característicos da descrición e aplícaos en creacións propias.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividade 3 de ampliación dos RF.
8.1. Mostra interese por coñecer algúns aspectos da cultura global.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA.

5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Ler, comprender e comentar textos.	Entende os textos propostos para a realización das actividades.
	Gozar coa lectura.	Desenvolve o interese cara á lectura como fonte de aprendizaxe e entretemento.
	Captar o sentido dos textos orais.	Garda silencio e desenvolve a atención necesaria para entender o sentido dun texto.
	Entender o contexto sociocultural da lingua para un mellor uso da mesma.	É consciente da variedade da lingua na fala, debido a diversos factores, e recoñece a variedade estándar como a normativa.
	Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos.	Entende a importancia de respectar as normas gramaticais e ortográficas para unha mellor expresión.
	Expresarse oralmente e por escrito de maneira ordenada e clara.	Exprésase con corrección.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Realizar argumentacións con esquemas lóxico-matemáticos.	Aplica o razoamento dedutivo.
<i>Competencia dixital.</i>	Utilizar canles de comunicación audiovisual para facilitar o traballo.	Utiliza as TIC como apoio para a aprendizaxe.
	Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.	Interpreta información verbal e gráfica.
<i>Aprender a aprender.</i>	Empregar o dicionario como fonte de información.	Manexa o dicionario como apoio para a aprendizaxe e para resolver as actividades.
	Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión dos contidos.	Mellora a capacidade de memorización mediante o recitado de textos poéticos. Utiliza técnicas de traballo que facilitan a aprendizaxe.

	Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes.	Realiza actividades seguindo unhas pautas.
	<i>Intelixencias múltiples:</i> Desenvolve as distintas intelixencias múltiples.	Oriéntase nos espazos cotiáns.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.	Implícase activamente nos traballos e actividades de grupo.
	Recoñecer riqueza na diversidade.	Entende a diversidade como un valor que nos enriquece como persoas.
	Involucrarse ou promover accións cun fin social.	Participa en actividades que favorecen a convivencia.
	<i>Educación en valores:</i> Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Mostra tolerancia, valora a igualdade e rexeita calquera actitude discriminatoria. Valora, respecta e coida o seu contorno próximo.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Mostra unha actitude responsable na realización das tarefas e interese por mellorar.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.	Respecta e mostra interese por outras culturas.
	Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.	Coida a presentación nas actividades desenvolvidas.

6. TAREFAS

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF) / Libro dixital (LD)

Tarefa 1: Comentario da lectura

- Escoitamos o poema inicial no CD-Audio ou lémosllelo en voz alta aos alumnos.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos coa ficha de comprensión lectora dos RF.
- Realizamos outras actividades, que propón a PD, de traballo cooperativo.

Tarefa 2: Vocabulario

- Aprendemos o léxico referido á vila no LA e co apoio do dicionario.
- Traballamos as palabras compostas.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD e coas fichas de reforzo e ampliación dos RF.

Tarefa 3: Gramática

- Aprendemos os artigos e as súas contraccións no LA.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD, e coas fichas de reforzo e ampliación dos RF.

Tarefa 4: Ortografía

- Aprendemos no LA o uso do punto e dos signos de interrogación e de admiración.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Escoitamos o ditado no CD-Audio.
- Completamos con actividades da PD e coa ficha de reforzo dos RF.

Tarefa 5: Expresión

- Aprendemos no LA a recoñecer as variedades da lingua na fala.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Realizamos outras actividades, que propón a PD, de traballo cooperativo.

Tarefa 6: Literatura

- Aprendemos no LA a técnica da descrición.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con suxestións metodolóxicas da PD e coa ficha de ampliación dos RF.

Tarefa 7: Repaso da unidade

- Realizamos as actividades de repaso da unidade do LA e do LD.
- Recompilamos as actividades para o portfolio do alumno.

Tarefa 8: A nosa cultura

- Aprendemos aspectos da cultura universal no LA.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con suxestións metodolóxicas da PD.

7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

- É importante reforzar tanto a lectura en silencio como a lectura en voz alta. Trátase, por un lado, de que o alumnado comprenda o significado dun texto e, por outro, de que desenvolva as súas habilidades para a expresión oral, poñendo a entoación adecuada, facendo as pausas oportunas, pronunciando con claridade, etc.
- Se ao docente lle parece oportuno e as circunstancias o permiten, recomendamos facer unha saída pola vila e reparar en detalles como: os tipos de edificación, as prazas, os parques, o estado das rúas, etc. Despois, na clase, cada alumno e alumna fará a súa propia descrición e valoración, que poñerán en común diante dos compañeiros.
- Suxerimos tamén escoitar na clase diferentes variedades do galego, de maneira que o alumnado perciba a diversidade na fala. Atopará interesantes gravacións na mediateca do Consello da Cultura Galega, así como nos documentais de «Entrelinguas» (en Canle TV). Son mostras da variación dialectal. Sobre a lingua, a norma estándar e as «desviacións» da norma fala Ana Outón en «Que é a lingua?» (Lingua Galega TV).
- Cómpre, coma sempre, fixar hábitos de traballo e habituar ao alumnado ao manexo correcto do dicionario.
- Con motivo da celebración do Día da Paz, pódese propoñer un debate acerca do respecto, a responsabilidade, a colaboración, o compañeirismo, etc., así como actividades que promovan eses valores.

8. RECURSOS

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Lingua:

- O CD-Audio que acompaña o libro do alumno.
- Dicionario de lingua (*Dicionario Xerais de Primaria*).
- Caderno complementario ao libro do alumno.
- Cadernos de ortografía e murais ortográficos.
- Murais de conxugacións verbais.
- Recursos fotocopiáveis da Proposta didáctica.
- Bibliografía:
 - Agustín Fernández Paz: *A cidade dos desexos*, Edicións Xerais, col. Merlín.
 - ----- : *Desde unha estrela distante*, Edicións Xerais, col. Sopa de libros.
 - Antón Cortizas: *Vaia tropa!*, Edicións Xerais, col. Merlín.
 - Antonio García Teijeiro: *Verbas de sal*, Edicións Xerais, col. Merlín.
 - Gloria Sánchez: *A galiña da paz*, Ed. Edebé-Rodeira, col. Tucán (serie verde).
 - Xosé Neira Vilas: *Chegan forasteiros*, Edicións do Castro.

Recursos dixitais

- Libro dixital: os alumnos poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.
- CD que acompaña á Proposta didáctica, cos recursos fotocopiáveis.
- Información de interese:

- *A nosa fala*, audiolibro que contén unha escolma de gravacións que reflicten diferentes variedades dialectais do galego: <http://www.culturagalega.org/pruebas/anosafala/>
- Google con gheada: <http://www.jujel.es>
- Recursos para traballar o Día da Paz: http://www.xunta.es/linguagalega/dia_da_paz_0
- Seminario galego de educación para a paz: <http://www.sgep.org>

9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Proba de avaliación da unidade.
- Rexistro de avaliación (no anexo de avaliación).
- Avaliación do traballo competencial.

10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades advirto no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevezo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender ás necesidades individuais?

11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?